

3. Observa o mapa e elabora unha ficha coa información que contén.



■ Responde:

a) Que título lle poñerías ao mapa?

Parques nacionais e superficie protexida por Comunidades Autónomas.

b) Cal é a relación que indica a escala?

Que un centímetro sobre o mapa equivale a 120 quilómetros sobre o terreo.

c) Interpreta a lenda: Que tipo de símbolos se utilizan para representar os espazos protexidos?

Utilízase unha cor gris para representar a superficie protexida por Comunidades

Autónomas, e obtense un mapa coroplético. Os parques nacionais represéntanse

en cor negra, delimitando a forma do parque.

Cantos parques nacionais existen actualmente en España? Que Comunidade Autónoma ten máis parques nacionais? Di cales son.

Actualmente en España existen 15 parques nacionais. Canarias é a Comunidade

Autónoma con máis parques nacionais. Os parques son: Teide, Timanfaya,

Caldera de Taburiente e Garajonay.

Como se le un mapa

Nome _____

Data _____



Lembra

- A lenda recolle o significado dos signos que se utilizan no mapa. Estes signos poden estar representados mediante cores e/ou símbolos.

1. Relaciona os símbolos co seu significado.

Autoestrada ou autovía	+++	Porto	
Estrada secundaria		Encoro	
Ferrocarril	==	Río	
Aeroporto	===	Pico	

2. Colorea o mapa coa axuda da lenda.

VERTENTES HIDROGRÁFICAS

Laranxa	Mediterránea
Verde	Cantábrica
Azul	Atlántica